

NIÑOS

Texto de PEPE MÁRQUEZ

Ilustracións de NATALIA COLOMBO

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartón. 20 x 20 cm. 40 páx. 12 €

Niños (galego)

ISBN 978-84-8464-698-3. MareMar.

Nidos (castelán)

ISBN 978-84-92608-70-6. Libros para soñar.

Ninhos (portugués)

ISBN 978-989-8205-95-7. Livros para sonhar.

Nests (inglés)


ISBN 978-84-8464-812-3. Books for dreaming.

*No mundo podemos atopar moitos seres vivos.
Hainos que andan pola terra, hainos que viven na auga,
e tamén hai paxaros...*

Polas súas plumas multicolores, a súa forma estilizada e a súa envexable capacidade para voar, os paxaros espertan a curiosidade infantil. “Niños” é un álbum para pre-lectores e primeiros lectores que nos achega aos conceptos de diversidade, biodiversidade e fauna, suxerindo distintos tipos de aves estrafalarias, orixinais niños e formatos familiares dispares, cun estilo que combina a reflexión, o humor e o absurdo.

Con frases breves en tipografía maiúscula, Pepe Márquez destaca a singularidade de cada especie de ave e o seu correspondente modelo de niño: construídos en lugares elevados ou baixos, de tamaño pequeno ou grande, sofisticados ou humildes... os protagonistas deste libro demostran que, sendo todos paxaros, poden ser á vez tan diferentes e tan semellantes.

As imaxes con texturas caracterizan a proposta estética de Natalia Colombo, na que destaca unha contrastada paleta de cores intensos e luminosos, tanto nas figuras como nos fondos. Os seus debuxos son esquemáticos, con perfís pouco definidos, e acentúan o carácter lúdico da obra.



■ **Temática:** niños de aves.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** natureza, fauna; tamaños, lateralidade, cantidades, números; da autora e ilustradora de “Cerca” (I Premio Compostela); outros títulos relacionados: “Construtores”, da colección Animais Extraordinarios, e “Artur”, ambos do selo Factoría K.

Pepe Márquez

(Bos Aires, 1970)

Dende a súa mocidade participa na edición e autoría de historietas. É autor teatral e director das obras para nenos e nenas tituladas “Mundus Trucus”, “Ñok y Renata” e “Gertrudis cocineras”. Dirixe en Arxentina o selo infantil Editorial Cacahuatate. Ademais é pintor, actor, e colaborador en numerosos proxectos e actividades para a infancia. www.pepemarquez.com.ar

Natalia Colombo

(Bos Aires, 1971)

Estudou na Facultade de Arquitectura, Deseño e Urbanismo da Universidade de Bos Aires, cidade na que reside. Traballa na realización de curtas animadas para Canal Encuentro Argentina e participa en exposicións. Ilustrou libros de texto e álbums infantís publicados en editoriais de España e Arxentina. Coa súa primeira obra, “Cerca”, gañou o I Premio Internacional Compostela, convocado por Kalandraka e o Concello de Santiago. www.nataliacolombo.blogspot.com